



GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

— José Suárez

**Ollos vivos
que pensan**

Exposición
13 nov 2015 —
27 mar 2016

**Guía didáctica
da exposición
para docentes**

Quen é José Suárez?



José Suárez é un fotógrafo galego nado en Allariz no ano 1902. Como outros destacados colegas da súa época, Suárez favorece que a fotografía chegue a súa maioría de idade, alonxándose do costumismo predominante da época, sen imitar a arte da pintura e amosando o seu mundo en branco e negro. Este autor comeza a fotografar alá polos anos 20 do século XX e vai facer unha fotografía directa da realidade que percibe. Así, detense nas xentes de Galicia, especialmente no mar coas súas series *Beiramar* e *Mariñeiros do Morrazo*; nos oficios populares como os labregos, os oleiros, telleiros, fiadoras, as mazadoras do liño, a malla, a sega...; e as tradicións máis propias como a romería e a feira.

Nestas primeiras fotografías, José Suárez é capaz de amosarnos a dureza do traballo, a diferenza de clases e de xénero, pero tamén a tenrura e unha grande capacidade plástica que converte os seus traballos fotográficos en pezas de alta calidade artística.

Por mor das súas ideas políticas, o fotógrafo ten que emigrar durante a Guerra Civil, e no ano 1936 instálase en Arxentina. Alí realiza 26 películas para a compañía española CIFESA e traballará como fotógrafo e xornalista, levando a cabo una rica

vida cultural. Realizará series de fotografías nos que tamén retrata o país: a *Pampa*, a Patagonia e a Neve.. En 1953 viaxa a Xapón como corresponsal de prensa e ficará dous anos onde realiza unha destacada serie fotográfica de Xapón. Alí coñecerá a persoeiros tan importantes como o cineasta Akira Kurosawa. Ao longo da súa vida José Suárez terá relación e amizade con importantes representantes da cultura e das letras tales como o célebre escritor Miguel de Unamuno, Rafael Alberti, Ramón Pérez de Ayala. José Bergamín...

No ano 1957 retorna a Galicia e sigue traballando como corresponsal de prensa e realizará a serie fotográfica sobre A Mancha. Organízanse varias exposicións en Galicia da súa obra. O artista fina na Guarda no ano 1974.

Que traballamos con José Suárez?

Coa exposición de José Suárez traballaremos unha serie de conceptos que teñen que ver coa historia da fotografía e ao mesmo tempo coa propia historia galega e local a través do retrato dos tipos populares, da plasmación dos oficios e das tradicións festivas. Ao mesmo tempo, axudados da propia traxectoria vital do personaxe, podemos visitar outras culturas, atendendo á diversidade e á valoración do outro e analizando as diferencias e analoxías. A partir das fotos de lugares e paisaxes realizadas por este creador identificaremos e valoraremos o noso patrimonio natural e cultural.

En todas as áreas temáticas traballaremos con obxectivos conceptuais, procedimentais e actitudinais.

ÁREAS TEMÁTICAS DA MOSTRA:

1. Unha breve historia da fotografía

Estudando a fotógrafos como José Suárez podemos afirmar que a fotografía se fai maior, é dicir, retrata o mundo que lle rodea e non intenta imitar á pintura como acontecía nos inicios desta técnica. Observaremos no seu traballo a evolución da fotografía ao longo da primeira metade do século XX. Veremos como eran e funcionaban as cámaras antigas que utilizaba e por que os seus traballos fotográficos eran en branco e negro. Saberemos cando chega a cor á fotografía e as razóns que motivan a fotógrafos como José Suárez a seguir prescindindo dela. Poderemos ver as primeiras imaxes tridimensionais da fotografía con fotos estereoscópicas a través de pequenos buracos. É un anticipo do futuro.

2. Coñecemos oficios e tradicións do pasado recente de Galicia

Na exposición poderemos ver fotografías de mariñeiros, artesáns, labregos... e coñeceremos na visita guiada os distintos oficios e xeitos de vida da historia recente de Galicia. Interactuaremos cos rapaces para que aporten tamén os seus coñecementos sobre os oficios tradicionais e as costumes festivas de Galicia.

3. Distinguímos aos tipos humanos populares (vestimenta, idades, xénero...)

Na visita á exposición favoreceremos que os alumnos se fixen nos elementos caracterizadores e faremos unha reflexión segundo a idade e formación. Para os máis pequenos distinguiremos aos anciáns, novos, nenos, homes e mulleres que atopamos. Repararemos tamén nas especies animais,

tanto os amigos do home como aqueles que nos serven de alimento. Iremos facendo unha reflexión cada vez máis complexa segundo avanzemos nos ciclos de primaria ata secundaria sobre a cuestión da especialización do traballo, a diferenza de xénero e social, o respecto polo individuo e os animais, etc.

4. Viaxamos a outros mundos, atopamos outras xentes

Durante a visita á exposición de José Suárez podemos ver como el mesmo foi un gran viaxeiro e coñeceu outras razas e culturas diferentes ás locais (Xapón, Arxentina, A Mancha). Poderemos incidir na atención á diversidade, na valoración do outro apreciando a súas diferenzas e similitudes, adaptando estas explicacións á idade e ciclo formativo do alumnado.

Nos ciclos de secundaria explicaremos as razóns do exilio pola Guerra Civil e como moitos intelectuais galegos chegaron ás terras de América debido as súas ideas políticas.

5. Identificamos e valoramos o noso patrimonio natural e cultural

As fotografías de José Suárez tamén nos amosan lugares fermosos nos que apenas aparecen representacións humanas e animais. Ás veces podemos comprobar a grandiosidade dunha paisaxe nevada ou a soidade dunha árbore illada nos campos da Patagonia. Ao mesmo tempo, comprobamos arquitecturas autóctonas, moitas delas desaparecidas, como caseiras de mariñeiros, alpendres, casas con balconadas de madeira en Galicia, muíños de vento na Mancha, etc., que hoxe en día en moitos casos a lexislación trata de protexer para que non perdamos os exemplos que conforman a historia e identidade dun lugar. Na visita, adaptándonos aos ciclos formativos, trataremos de fomentar a valoración deste patrimonio natural e cultural para que os rapaces reparen nel e o recoñezan nos seus lugares de orixe.

Actividades didácticas da exposición



1. VISITA GUIADA

Visita guiada tomando como obxectivos conceptuais, procedimentais e actitudinais os temas enumerados no capítulo anterior. Estes percorridos guiados serán adaptados aos ciclos educativos e idades dos rapaces.

DURACIÓN: A visita establécese en **20 minutos** para ciclos de infantil e primeiro ciclo de primaria e en 45 minutos para o resto dos ciclos.

2. EXPERIENCIA DIDÁCTICA NO LABORATORIO FOTOGRÁFICO

No interior do Museo Centro Gaiás, a carón da exposición, construiremos un divertido laboratorio fotográfico con cámaras escuras, máquinas fotográficas antigas e outras máis actuais como a polaroid, todas previas á era dixital, un taller de revelado de fotos *in situ* e un photocall para que os alumnos de todos os ciclos poidan experimentar como era o proceso fotográfico ata hai 15 anos. Esta experimentación realizarase coa adaptación necesaria ás idades e ciclos do alumnado pero, sen dúbida, son actividades moi atractivas e de claro aprendizaxe para os rapaces.

DURACIÓN: As actividades na aula didáctica/laboratorio terán unha duración de 30 minutos aproximadamente

MATERIAIS: Os alumnos poderán experimentar cos obxectos do laboratorio e incluso realizar algún deles (cámara fotográfica, cámara escura). Os materiais serán suministrados pola Cidade da Cultura de Galicia.

EQUIPO HUMANO: Tanto a visita guiada á mostra como a visita ao laboratorio do fotógrafo estará levada a cabo por guías didácticos que adaptarán os contidos e actividades á idade e ciclo formativo dos rapaces.



3. TRABALLAMOS CON JOSÉ SUÁREZ NA AULA E NA CASA

José Suárez foi un fotógrafo que retratou a vida de lugares de Galicia e do estranxeiro dun xeito real. Desde a Cidade da Cultura de Galicia gustaríanos renderlle unha homenaxe aos fotógrafos anónimos galegos que retrataron a vida da xente das cidades, vilas, pobos e aldeas.

3.1. CICLOS DE INFANTIL E PRIMEIRO CICLOS DE PRIMARIA.

TRAE UNHA FOTO ANTIGA DA CASA E FAGAMOS UNHA EXPOSICIÓN.

Despois de saber que é un fotógrafo e como traballa (ferramentas) pediremos aos nenos que nos traían 1 ou 2 fotografías antigas que teñan na súa casa, a ser posible en branco e negro para que se decaten do paso do tempo: avós, bisavos, fotos de festas familiares, da vila, de lugares desaparecidos, etc. O mestre/a pode dixitalizalas, darlles un mesmo tamaño e faredes unha exposición con todas elas.

AVISO AOS CENTROS

Os centros escolares interesados en afondar no contido dalgunha destas actividades ou en solicitar información específica sobre algún punto do programa de visitas didácticas poderán contactar coa Fundación Cidade da Cultura, que lles remitirá material específico para que preparen con antelación esta visita.

3.2. SEGUNDO, TERCEIRO CICLO DE PRIMARIA E ESO.

O MAPA DOS FOTÓGRAFOS GALEGOS.

Desde a Cidade da Cultura formulamos un proxecto moi atractivo que será o de realizar un mapa de fotógrafos de Galicia.

Coa axuda da familia, dos profesores, de historia-dores locais, das bibliotecas e arquivos locais e municipais, os nenos poder recoller fotos antigas ata os anos 80 averiguando que fotógrafos da súa zona as realizaron. Cada cidade, vila e aldea contaba cun fotógrafo que retrataba á xente en momentos especiais da súa vida (casamentos, bautizos, primeiras comunións) pero tamén en actos sociais (festas, traballos, etc.) incluso na propia escola.

Animamos aos rapaces na medida das súas capacidades investigadoras a recopilar estas fotos e os seus autores proporcionándolle unha ferramenta web de base de datos para conformar este mapa dos fotógrafos de Galicia. O resultado de todo este traballo será publicado e premiado pola Cidade Cultura de Galicia.

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

cidadedacultura.gal



FUNDACIÓN
CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA



XUNTA
DE GALICIA